

Curso Cuadrimestral de Alemán SEMIPRESENCIAL 1º C (Sede Enxeñaría Campus) - 2018-2019

Información da convocatoria

| | |
|------------------------|---|
| Tipo | CURSO CUADRIMESTRAL DE ALEMÁN PARA ESTUDANTES DE ENXEÑARÍA E OUTROS INTERESADOS |
| Código | V18.XT.AL.B11.EN.CA |
| Nome | Curso Cuadrimestral de Alemán SEMIPRESENCIAL 1º C (Sede Enxeñaría Campus) |
| Curso académico | 2018-2019 |
| Nivel | B1.1 |
| Modalidade | SEMIPRESENCIAL |
| Horas | 80.00 |

Descrición

Curso de alemán de nivel **B1.1 de alemán de 80 horas de duración (48 presenciales e 32 online)**

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel B1 adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar si tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer; cando sabe desenvolverse na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe; cando é capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal; e cando pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.

Aqueles alumnos que cursen os dous cuadrimestres terán o exame incluído no importe do curso.

Nos cursos organizados en 2 cuadrimestres, se non realizaches o primeiro e incorporáste no segundo, o prezo da matrícula do segundo cuadrimestre verase incrementado polo importe correspondente ao exame do curso.

Para obter o diploma no que se acredite o nivel haberá que aprobar as catro destrezas cunha nota mínima de 12.5/25 cada unha e obter unha nota global de 60/100.

Información sobre o calendario (datas)

| | |
|-----------------------------|-------------------------|
| Período de matrícula | 27/07/2018 - 20/09/2018 |
| Período de docencia | 21/09/2018 - 14/12/2018 |

Prazas e créditos

| | |
|---------------------------------------|----|
| Número mínimo de participantes | 12 |
| Número máximo de participantes | 20 |
| Horas ECTS | 80 |
| Validación LE | 0 |

Destinatarios

Este curso está especialmente deseñado para enxeñeiros ou estudantes de enxeñaría que queiran mellorar os seus coñecementos da lingua alemana.

Calendario

Venres de 15:00 a 19:30 horas (descanso 17:00-17:30 horas)- **(Seminario 4)**

PROBA DE NIVEL: 17 de setembro ás 13:00 horas na Facultade de Filoloxía e Traducción, **Aula A1**

Programa

-A amizade: describir ós nosos amigos e o seu carácter, nombrar a alguén polas súas características, dar énfase a unha declaración, describir a impresión que nos causa unha persoa.

-A profesión e o traballo: comprender unha memoria sobre as prácticas profesionais, entender textos persoais sobre a experiencia vivida durante as prácticas, comprender unha carta de recomendación, falar do primeiro día no traballo e escribir un informe sobre o mesmo, estruturar un informe, valorar e contar sucesos no pasado, informarse da documentación a presentar ó inicio dun novo traballo.

-Vivenda e formas de vida: describir a vivenda ideal, entender anuncios de aluguer de vivenda, comprender un artigo periodístico sobre vivendas temporais, interpretar unha estatística, explicala e falar sobre os datos incluídos na mesma.

-Servicio de atención ó cliente: comprender unha chamada ó servicio de atención ó cliente dunha empresa, comprender e escribir unha reclamación, expresar decepción e enfado, escribir nun foro valoracións dun produto, atender unha chamada nunha empresa, entender mensaxes no contestador automático.

-O futuro: facer predicións e suposicións sobre o futuro, os avances tecnolóxicos e os cambios que se producirán no traballo nos próximos anos, coñecer algúns inventos alemáns, advertir a alguén de algo, falar dos nosos plans e propósitos.

-Invitacións: facer invitacións formais, facer un ofrecemento e aceptalo ou rexeitalo, coñecer e describir as normas de conduta nunha comida de negocios e privada, escribir unha invitación ós novos compañeiros de traballo para celebrar o ingreso nun emprego, expresar condición.

-Asesoramento ós clientes: solicitar información e asesoramento nun establecemento sobre un produto, comprender consellos ó cliente e reaccionar ós mesmos, falar dos animais domésticos, expresar opinión.

-A profesión ideal: falar das fortalezas e debilidades de cada un, falar da profesión que lle vai a cada un, cubrir un test e valorar os resultados do mesmo, expresar causa, expresar relacións temporais.

-Benestar no traballo: describir o lugar de traballo e as condicións laborais, falar de medidas que contribúen ó benestar no traballo, facer unha presentación e estruturala de xeito correto.

-Incidentes na vida diaria: comprender e relatar un incidente ocorrido no pasado, expresar decepción e reaccionar ante esta, expresar desexos irrealis.

-Momentos felices no día a día: falar de momentos felices na vida, expresar emoción, coñecer

amuletos habituais en Alemaña, expresar relacións temporais.

LIBRO DE TEXTO: Menschen B1.1- Kursbuch: ISBN [978-3-19-301903-5](#) Arbeitsbuch: ISBN [978-3-19-311903-2](#)

Non comprar o libro ata falar co docente na primeira clase.

Forma de pago

Tarifas

| | |
|--------------------------|----------|
| Comunidade Universitaria | 215.00 € |
| Público en xeral | 260.00 € |

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Tarxeta bancaria
Transferencia bancaria
Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)

Impartido en

Campus de Vigo - Escola de Enxeñaría Industrial- Sede Campus - Seminario 4

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrase" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tes tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

Número de conta: 0049 614198 2510007984

Código Swift: BSCHEMMXXX

IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander**:

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Condições de acceso

Ter certificado de A2 (con data non superior a tres anos) ou realizar proba de nivel.

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
4. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
 - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
 - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.
5. En ningún caso devolveráse o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.